

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO MUNICIPAL DO DÍA 13 DE SETEMBRO DE 2018, CON CARÁCTER SUPLETORIO DA CORRESPONDENTE AO DÍA 30 DE AGOSTO DE 2018

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas do día trece de setembro de dous mil dezaoto, baixo a presidencia do señor alcalde en funcións don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, reúnese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o Pleno municipal.

Asisten os señores concelleiros don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe, do PP; don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández, de UxC; dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González e dona Josefa Vázquez Soto, do PSdeG-PSOE; dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos, de ACdC-SON; don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández, do BNG; integrando o Grupo Mixto, dona M^a José García Hidalgo, de C's; e don Jesús Bao Bouzas, concelleiro non adscrito.

Non asiste, con escusa, don Óscar A. García Patiño, de UxC.

Asisten don Manuel Roel Hernández-Serrano, interventor, e dona Verónica María Otero López, secretaria accidental.

Segundo establece o artigo 130.1 do Regulamento orgánico municipal, no Concello de Cambre as actas do pleno municipal adoptan o sistema de videoactas.

De acordo co previsto no artigo 130.2, apartado 1^º do citado texto normativo, o presente documento correspóndese coa acta sucinta da sesión ordinaria do Pleno municipal do día 13 de setembro de 2018, que xunto coa gravación dispoñible no enderezo electrónico <http://plenos.cambre.es> (ID: Video_201809131801040000_FH), constitúe o documento público e oficial de videoacta desta sesión.

Faise constar que en cada punto da orde do día desta acta sucinta, inclúese a referencia temporal do comezo da gravación do dito punto, isto co fin de facilitar a súa localización.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. Aprobación, se procede, do borrador da acta correspondente á sesión ordinaria do día 26 de xullo de 2018

Acceso á videoacta: Minuto 00:00:47

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria do día 26 de xullo de 2018.

Non se formulan alegacións, polo que o Pleno municipal aproba o citado borrador por unanimidade dos dezanove concelleiros que están hoxe presentes e que asistiron á citada sesión [os seis concelleiros do PP; os tres concelleiros de UxC que se relacionan: don Juan González Leirós, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández; os catro concelleiros do PSdeG-PSOE; os dous concelleiros de ACdC-SON; os dous concelleiros do BNG; a concelleira do GM (C's); e o concelleiro non adscrito].

2. PARTE RESOLUTIVA

2.1. Ratificación da Resolución de Alcaldía núm. 1513/2018, do 26 de xullo, de aprobación do proxecto principal e modificado “Separata de proxecto de rede ciclista da Área Metropolitana da Coruña: Concello de Cambre”

Acceso á videoacta: Minuto 00:00:59

Vista a proposta de Alcaldía do día 29 de agosto de 2018 que consta do seguinte teor literal:

“Con data 31 de agosto de 2016 asinouse o Convenio de colaboración entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Cambre, para levar a cabo as obras do proxecto construtivo da “Separata do proxecto da rede ciclista metropolitana. Concello de Cambre” executando unha senda ciclista que discorre na súa maior parte, pola senda do Río Mero ao seu paso polo Concello de Cambre.

Logo de ver que con data 11 de xullo de 2018 recíbese requirimento da Excm. Deputación Provincial da Coruña, solicitando documentación complementaria para dar cumprimento ao convenio asinado, por esta Alcaldía ditouse a resolución núm. 1513/2018, do 26 de xullo, co fin de dar cumprimento ao requirimento recibido no prazo fixado para o efecto, sen prexuízo da súa posterior ratificación polo Pleno municipal.

En base ao exposto propónse ao Pleno do Concello de Cambre a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Ratificar a Resolución da Alcaldía número 1513/2018, de 26 de xullo, que consta do seguinte teor literal:

«Logo de ver que con data 31 de agosto de 2016 asinouse o Convenio de colaboración entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Cambre, para levar a cabo as obras do proxecto construtivo da “Separata do proxecto da rede ciclista metropolitana. Concello de Cambre” executando unha senda ciclista que discorre na súa maior parte, pola senda do Río Mero ao seu paso polo Concello de Cambre,

Logo de ver que antes de proceder á licitación do proxecto, advertíronse máis carencias no firme da senda das que se recollen na separata redactada en abril de 2015, motivo polo que se plantexou a posibilidade de elaborar un modificado do proxecto, aumentando as partidas destinadas a pavimentación (a día de hoxe as necesidades en canto a reparación do firme son moi superiores), e diminuindo as de sinalización, xa que logo, tal e como se establece na separata no punto 11 da memoria “*Se acondicionará a plataforma en las localizaciones que así lo requiriesen por la presencia de cárcavas (aprox. 10% de la superficie total), ello requerirá del saneo de la explanada y la repavimentación con ZA-25. Además, se rellenarán huecos por lavado de firme (ZA-25)*”.

Logo de ver que con data 7 de agosto de 2017, remitiuse á Excm. Deputación Provincial da Coruña, solicitude de ampliación da vixencia do convenio vista a necesidade de redactar un proxecto modificado, sen que se recibise contestación algunha,

Logo de ver que polos técnico municipais redactouse o novo proxecto denominado “MODIFICADO Nº1 DE LA SEPARATA DE PROYECTO DE RED CICLISTA DEL ÁREA METROPOLITANA DE A CORUÑA: AYUNTAMIENTO DE CAMBRE”, aumentando as partidas destinadas a pavimentación e disminuindo as correspondentes a sinalización, sen que o importe total do proxecto se vexa alterado tal e como se indica a continuación:



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

	PROYECTO ORIGINAL	PROYECTO MODIFICADO	DIFERENCIA
MOVIMIENTO DE TIERRAS Y FIRMES	50.725,15 €	108.638,06 €	57.912,91 €
SEÑALIZACIÓN HORIZONTAL	216,24 €	0,00 €	- 216,24 €
SEÑALIZACIÓN VERTICAL	12.282,58 €	10.551,88 €	- 1.730,70 €
MOBILIARIO URBANO	32.103,56 €	23.468,44 €	- 8.635,12 €
ACTUACIONES EN VIAS EXISTENTES	23.365,91 €	2.017,08 €	- 21.348,83 €
SEÑALIZACIÓN DE OBRA	1.449,21 €	0,00 €	- 1.449,21 €
GESTIÓN DE RESIDUOS	17.500,68 €	3.167,90 €	- 14.332,78 €
SEGURIDAD Y SALUD	13.172,60 €	2.500,00 €	- 10.672,60 €
LIMPIEZA Y TERMINACIÓN OBRAS	1.000,00 €	0,00 €	- 1.000,00 €
DRENAJE	0,00 €	1.472,57 €	1.472,57 €
TOTAL EJECUCIÓN MATERIAL	151.815,93 €	151.815,93 €	0,00 €
13% GASTOS GENERALES	19.736,07 €	19.736,07 €	0,00 €
6% BENEFICIO INDUSTRIAL	9.108,96 €	9.108,96 €	0,00 €
TOTAL PRESUPUESTO SIN IVA	180.660,96 €	180.660,96 €	0,00 €
21% IVA	37.938,80 €	37.938,80 €	0,00 €
TOTAL PRESUPUESTO EJECUCIÓN POR CONTRATA	218.599,76 €	218.599,76 €	0,00 €

Logo de ver que con data 12 de abril de 2018 remitiuse á Exma. Deputación Provincial da Coruña, vía SIR co rexistro de saída 20189000000484, o modificado do proxecto propoñendo a prórroga do convenio ou ben proceder a subscribir un novo convenio dada a data de vixencia do mesmo,

Logo de ver que con data 11 de xullo de 2018 recíbese requirimento da Excm. Deputación Provincial da Coruña, solicitando documentación complementaria para dar cumprimento ao convenio asinado, entre outra, a aprobación do proxecto inicialmente redactado,

Tendo en conta que segundo o disposto na cláusula duodécima do convenio, éste iniciará a súa vixencia unha vez se acredite o cumprimento, entre outras, da condición da aprobación definitiva do proxecto técnico,

Tendo en conta que á vista da documentación que obra no expediente, o proxecto principal non se chegou a aprobar dada a necesidade de redactar o modificado do mesmo, debendo polo tanto, aprobar nestes momentos, tanto o proxecto principal como o modificado, coa finalidade de dar cumprimento ao clausulado do convenio e de poder executar a obra,

En uso das atribucións que me confere o artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO:**

Primeiro: Aprobar o proxecto denominado “SEPARATA DE PROYECTO DE RED CICLISTA DEL ÁREA METROPOLITANA DE A CORUÑA: AYUNTAMIENTO DE CAMBRE”, redactado por dona Eva María Cayado Varela (In-Cubed), sendo o enxeñeiro director do proxecto don Jacobo Feijoo Miranda e conformado polo Enxeñeiro Xefe do Servizo Técnico de Apoio a Municipios, don José Antonio Serantes Barbeito, cun orzamento total de 218.599,76 €.

Segundo: Aprobar o proxecto denominado “MODIFICADO Nº1 DE LA SEPARATA DE PROYECTO DE RED CICLISTA DEL ÁREA METROPOLITANA DE A CORUÑA: AYUNTAMIENTO DE CAMBRE” redactado polo Enxeñeiro de Camiños Municipal, don Óscar Souto Muiño, cun orzamento total de 218.599,76 €.

Terceiro: Dar conta ao Pleno para a súa aprobación, na seguinte sesión plenaria que se celebre.»

Segundo: Dar traslado á Excm. Deputación Provincial da Coruña para os efectos oportunos.”

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Medio Ambiente, Patrimonio e Desenvolvemento Socioeconómico de data 6 de setembro de 2018, celebrada con carácter supletorio da correspondente ao día 23 de agosto de 2018.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os catro concelleiros presentes de UxC (don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas). Abstéñense os seis concelleiros do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe).

O Pleno municipal, por catorce votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

2.2. Designación de membros para o Consello Escolar Municipal de Cambre elixidos polo Pleno da Corporación

Acceso á videoacta: Minuto 00:04:52

Vista a proposta ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Servizos, Xuventude, Cultura, Deportes, Recursos Humanos e Benestar Social de data 6 de setembro de 2018, celebrada con carácter supletorio da correspondente ao día 23 de agosto de 2018, que consta do seguinte teor literal:

«O Pleno municipal, na súa sesión ordinaria do día 5 de abril de 2018, celebrada con carácter supletorio da correspondente ao día 2 de abril de 2018, adoptou o seguinte acordo respecto da *Designación de representantes e membros da xunta electoral para o Consello Escolar municipal de Cambre*:

Primeiro: Designar como presidente do Consello Escolar Municipal ao señor alcalde, don Óscar A. García Patiño, ou membro da Corporación en quen delegue.

Segundo: Solicitar ás distintas entidades que teñen representantes na vixente composición do Consello Escolar Municipal de Cambre se os manteñen ou designan outro candidato para ser elixido pola Corporación Municipal en votación secreta segundo o acordo adoptado polo Pleno da Corporación de data 8 de agosto de mil novecientos noventa e sete.

Terceiro: Designar representante do Concello de Cambre na Xunta Electoral do Concello de Cambre para a elección dos membros do Consello Escolar Municipal representantes de alumnos, ao señor alcalde, don Óscar A. García Patiño, ou membro da Corporación en quen delegue.

Cuarto: Solicitar ao IES Afonso X O Sabio e ao IES David Buján designen por sorteo un/unha profesor/a, un pai ou unha nai e un alumno ou alumna a partir de 1º da ESO de cada centro, para ser designado logo por sorteo no Concello de Cambre entre os candidatos de cada un dos IES a un/unha profesor/a, un pai ou unha nai e un alumno ou alumna como membros da Xunta Electoral para a elección dos membros do Consello Escolar Municipal representantes de alumnos.

Quinto: Facer o citado sorteo, para formar a Xunta Electoral, nas oficinas de Educación situadas na Barcala, entre os representantes designados polos Institutos de Educación Secundaria Obrigatoria de Cambre.”

En cumprimento deste acordo, dende o Concello remitiuse solicitude de aceptación de candidatura (no caso das direccións dos centros escolares) e de presentación de candidatura (no caso de grupos políticos e de asociación de veciños), co obxecto de designar os seguintes membros do Consello Escolar Municipal:

- 4 membros entre os directores dos centros educativos
- 3 membros entre especialistas en temas educativos ou membros de entidades ou de órganos representativos da comunidade escolar (2 a proposta dos grupos políticos municipais e 1 a proposta das Asociacións de Veciños incluídas no Rexistro municipal de Asociacións).

Visto que en relación ás direccións dos centros escolares recibimos a aceptación das seguintes candidaturas:

- Director do CEIP Portofaro: Antonio Gil Gómez.
- Directora do CEIP Plurilingüe Graxal: Anunciación Ferro Fojo.
- Directora do IES David Buján: M^a del Carmen Mosquera Castro.
- Director do IES Afonso X O Sabio: Félix Rodríguez Sanjurjo.

Visto que en relación á presentación de candidatura por parte dos grupos políticos non se recibiu contestación ningunha.

Visto que en relación á presentación de candidatura por parte das asociacións de veciños se presentaron as cinco seguintes:

- Da ASX Amas de Casa "Vagalume" Brexo a Patricia Suárez Casas.
- Da Asociación de Amas de Casa de Bribes a Ana Rodríguez López.
- Da ANPA A Curuxa do CEIP Portofaro a Nerea Ochoa Sanjuan.
- Da Asociación de veciños O Palco de Meixigo a Vanessa Mato Santiso.
- Da Asociación de veciños de O Temple a Alejandro Pena Díaz.

Tendo en conta que, segundo os criterios de elección dos membros do Consello Escolar Municipal aprobados por acordo plenario do 8 de agosto de 1997, en todos os casos a designación dos membros se realizará polo Pleno Municipal en votación secreta, resultando elixidos:

- Os directores dos centros cando a súa candidatura reciba máis votos afirmativos que negativos e de existiren máis de catro candidatos os que obteñan maior puntuación.

Faise constar que neste caso non hai máis candidaturas das necesarias, pero o Pleno da Corporación ten que facer a votación afirmativa ou negativa de cada unha delas, xa que teñen que ter máis votos afirmativos que negativos.

- Os candidatos propostos respectivamente polos grupos políticos ou polas asociacións de veciños que obteñan máis votos sempre que o número de afirmativos supere aos negativos. Os postos que queden sen cubrir da cota dos membros propostos polas asociacións de veciños incrementarán ao atribuído aos grupos políticos municipais e viceversa.

Polo tanto, á vista das 5 candidaturas presentadas polas asociacións, e tendo en conta que non existen candidaturas por parte dos grupos municipais, corresponde ao Pleno elixir a 3 membros por medio de votación secreta con votos afirmativos ou negativos entre os 5 propostos polas asociacións. As candidaturas que máis votos afirmativos obteñan serán as elixidas.

Achégase xunto co expediente de proposta copia das candidaturas presentadas.

Por todo iso é polo que propono ao Pleno municipal a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Proceder á votación das candidaturas das direccións dos centros escolares, para elixir aos catro representantes no Consello Escolar Municipal de Cambre nesta categoría, resultando designados os/as directores/as dos centros cando a súa candidatura reciba máis votos afirmativos que negativos, seguindo o procedemento que a continuación se indica:

Os concelleiros (chamados por orden alfabético do primeiro apelido) depositarán, en sobre pechado, a seguinte papeleta:

CANDIDATURAS DAS DIRECCIÓNS DOS CENTROS ESCOLARES:

Director CEIP Portofaro: Antonio Gil Gómez	SI	NON
Director CEIP Plurilingüe Graxal: Anunciación Ferro Fojo.....	SI	NON
Directora IES David Buján: María del Carmen Mosquera Castro	SI	NON
Director IES Alfonso X O Sabio: Félix Rodríguez Sanjurjo	SI	NON

*Rodee cun círculo o que proceda, tendo en conta que **soamente poderá marcarse cun SI ou cun NON cada candidatura** (ou ben non marcar nada respecto da mesma) e que **poden votarse a prol todas** as candidaturas pois non hai máis das necesarias. En caso contrario, a papeleta resultará nula.

En caso de empate, procederase a unha segunda votación e, de persistir o empate, resolverase por sorteo.

En caso de abrirse debate respecto da validez dalgunha papeleta, resolverá o Pleno por maioría simple.

Segundo: Proceder á votación das candidaturas presentadas polas asociacións de veciños, para elixir aos tres representantes no Consello Escolar Municipal de Cambre nesta categoría resultando designados os/as candidatos/as propostos/as respectivamente polos grupos políticos ou polas asociacións de veciños que obteñan máis votos, sempre que o número dos afirmativos supere ó dos negativos, seguindo o procedemento que a continuación se indica:

Os concelleiros (chamados por orden alfabético do primeiro apelido) depositarán, en sobre pechado, a seguinte papeleta:

CANDIDATURAS PRESENTADAS POLAS AAVV:

ASX Amas de Casa "Vagalume", Brexo: Patricia Suárez Casas.....	SI	NON
Asociación Amas de Casa de Bribes: Ana Rodríguez López	SI	NON
ANPA A Curuxa do CEIP Portofaro: Nerea Ochoa Sanjuan.....	SI	NON
Asociación de veciños O Palco de Meixigo: Vanessa Mato Santiso	SI	NON
Asociación de veciños de O Temple: Alejandro Pena Díaz.....	SI	NON

*Rodee cun círculo o que proceda, tendo en conta que **soamente poderá marcarse cun SI ou cun NON cada candidatura** (ou ben non marcar nada respecto da mesma) e que **o número total de SI non poderá exceder de TRES**. En caso contrario, a papeleta resultará nula.

En caso de empate, procederase a unha segunda votación e, de persistir o empate, resolverase por sorteo.

En caso de abrirse debate respecto da validez dalgunha papeleta, resolverá o Pleno por maioría simple".

Cando son as 20:14 horas, a secretaria accidental procede ao chamamento dos concelleiros e concelleiras da Corporación, por orden alfabético do primeiro apelido, os cales depositan os seus votos, en sobres pechados, en dúas urnas situadas na mesa presidencial, unha para as candidaturas das direccións dos centros escolares e outra para as candidaturas presentadas polas asociacións veciñais.

Unha vez efectuada a votación secreta, o presidente e a secretaria levan a cabo o recuento público dos votos emitidos, co seguinte resultado:

- CANDIDATURAS DAS DIRECCIÓNS DOS CENTROS ESCOLARES

Centro e director	SI	NON
Director CEIP Portofaro - Antonio Gil Gómez	19	
Directora CEIP Plurilingüe Graxal – Anunciación Ferro Fojo	19	
Directora IES David Buján – María del Carmen Mosquera Castro	19	1
Director IES Afonso X O Sabio – Félix Rodríguez Sanjurjo	19	

- CANDIDATURAS PRESENTADAS POLAS AA.VV.

Asociación e candidato/a	SI	NON
ASX Amas de Casa “Vagalume”, Brexo – Patricia Suárez Casas	9	1
Asociación Amas de Casa de Bribes – Ana Rodríguez López	18	
ANPA A Curuxa do CEIP Portofaro – Nerea Ochoa Sanjuan	7	4
Asociación de Veciños O Palco de Meixigo – Vanessa Mato Santiso	19	
Asociación de Veciños do Temple – Alejandro Pena Díaz	4	3

Tendo en conta que todas as candidaturas recibiron máis votos afirmativos que negativos, o Pleno municipal, en votación secreta, **ACORDOU**:

Primeiro: Designar representantes no Consello Escolar Municipal de Cambre, dentro da categoría de direccións dos centros escolares, a:

- Don Antonio Gil Gómez, director do CEIP Portofaro
- Dona Anunciación Ferro Fojo, directora do CEIP Plurilingüe Graxal
- Dona María del Carmen Mosquera Castro, directora do IES David Buján
- Don Félix Rodríguez Sanjurjo, director do IES Afonso X O Sabio

Segundo: Designar representantes no Consello Escolar Municipal de Cambre, dentro da categoría de asociacións de veciños, a:

- Dona Vanessa Mato Santiso, da Asociación de Veciños O Palco de Meixigo
- Dona Ana Rodríguez López, da Asociación de Amas de Casa de Bribes
- Dona Patricia Suárez Casas, da ASX Amas de Casa “Vagalume”, Brexo

Terceiro: Notificar aos interesados e ao Departamento de Educación, para os efectos oportunos.

2.3. Mocións urxentes en asuntos de competencia de pleno segundo o artigo 22 da Lei 7/1985, que non figuren na orde do día

Acceso á videoacta: Minuto 00:30:46

Este punto non foi utilizado.

3. PARTE DECLARATIVA

3.1. Declaracións institucionais

Acceso á videoacta: Minuto 00:30:50

Este punto non foi utilizado.

3.2. Mocións dos grupos municipais

Acceso á videoacta: Minuto 00:30:57

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal de ACdC-SON, relativa á participación cidadá e dos grupos municipais nos medios públicos municipais. Votan a prol da urxencia os seis concelleiros do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe), os catro concelleiros presentes de UxC (don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

Única: Moción do grupo municipal de ACdC-SON relativa á participación cidadá e dos grupos municipais nos medios públicos municipais, así como á introdución de diferentes seccións nestes que garantan o seu carácter público

Acceso á videoacta: Minuto 00:33:36

Presentada a través do Rexistro Electrónico Común o día 7 de setembro de 2018, e rexistrada de entrada no concello ao núm. 900/2143 o día 10 de setembro de 2018.

Dona M^a Olga Santos López, voceira de ACdC-SON, dá lectura á moción co seguinte teor literal:

“O artigo 69 da Lei de bases de réxime local establece que:

1. As corporacións teñen que facilitar a información máis ampla sobre a súa actividade e a participación de todos os cidadáns na vida social.
2. As formas, os medios e os procedementos de participación que as corporacións establezan no exercicio da súa potestade de autoorganización non poden en ningún caso diminuír as facultades de decisión que corresponden aos órganos representativos regulados pola lei.

Este mandato legal require, polo tanto, que os medios de comunicación locais de titularidade pública, prensa escrita, radio, televisión, webs municipais, etc., respecten os seguintes principios:

Primeiro: Teñen que actuar como elementos cohesionadores do concello. Teñen que fomentar a identidade local, dando a coñecer as súas orixes, tradicións e actividades cotiás económicas, culturais, sociais e políticas e os proxectos de futuro.

Segundo: Teñen que informar dun xeito veraz, plural e transparente.

Teñen que dar conta da xestión que fai o equipo de goberno, pero tamén amosando as diferentes sensibilidades políticas que se expresaron nas urnas. A través da crónica xornalística do pleno municipal, teñen que explicar as diferentes propostas de actuación e reflectir os puntos de vista dos diferentes grupos políticos representados e as votacións emitidas.

Terceiro: Teñen que ser un referente informativo para a cidadanía.

Non teñen que estar supeditados aos cambios que se produzan nos equipos de goberno ou cada vez que se celebren eleccións. En períodos electorais, teñen que ser un vehículo comunicativo clarificador das diferentes opcións políticas.

Cuarto: Teñen que fomentar o debate público para a participación democrática.

Os medios de comunicación escritos teñen que dar un tratamento xornalístico profesional ás informacións e teñen que inserir espazos de opinión dos cargos electos, dos grupos políticos, de técnicos especializados, de representantes das organizacións da sociedade civil e das persoas que queiran intervir. O editorial ten que reflectir a opinión da publicación e non ten que estar asinado polo alcalde ou alcaldesa. A través de Internet téñense que promover consultas populares, foros, etc., ademais de ofrecer solucións fáciles a problemas concretos e trámites burocráticos.

Quinto: Teñen que promover as actividades da sociedade civil e asociacionismo.

Os medios de comunicación local de titularidade pública teñen que potenciar o asociacionismo e a iniciativa social mediante a publicación ou difusión de todas as actividades que realizan as organizacións da sociedade civil, especialmente a través da axenda de actividades ou outros formatos informativos.

Sexto: Teñen que evitar o partidismo e a falta de profesionalidade.

Mediante un tratamento contrastado e o máis completo posible das principais informacións, dando voz aos diferentes protagonistas, rendendo contas da xestión realizada e fomentando a participación cidadá. Os medios non se poden utilizar como ferramentas de propaganda política do partido ou a coalición que detenta o poder.

Sétimo: Teñen que despertar o interese da cidadanía.

Mediante a utilización dunha linguaxe clara, precisa, respectuosa coa diversidade de homes e mulleres das diversas procedencias e condicións sociais que dan vida ao municipio, ao alcance do gran público, con titulares comprensibles e atractivos. Teñen que xerar procedementos que favorezan a identificación e a implicación da cidadanía na información e a participación democrática.

Oitavo: Teñen que funcionar a través de órganos de xestión participativos.

Os medios de comunicación local de titularidade pública teñen que funcionar con estruturas organizativas, consellos editoriais ou consellos de administración que garantan a profesionalidade das persoas que traballan e a participación do conxunto do consistorio, das organizacións da sociedade civil e da cidadanía local.

Noveno: Téñense que xestionar axustándose ás posibilidades económicas de cada municipio.

As institucións ou organismos públicos que xestionen os medios de comunicación local de titularidade pública teñen que deseñar plans municipais de comunicación a partir dun diagnóstico e unha análise da situación comunicacional local e teñen que definir os obxectivos que se teñen que lograr establecendo os recursos humanos e técnicos e as dotacións económicas necesarias, sempre de acordo coas posibilidades e necesidades de cada municipio.

Actualmente en Cambre, contamos con dous medios de comunicación municipal públicos: A páxina web municipal @concellodecambre e o xornal *Novas de Cambre*.

Respecto da publicación *Novas de Cambre* preséntase en formato xornal que é repartido e buzoneado e que sae cunha tiraxe de 12.000 exemplares por número é un custo de máis de 13.000 euros, que supón unha importante saída de cartos das arcas municipais, e que, por este único motivo podemos dicir que é propiedade de todas e todos os veciños e, polo tanto, non pertence nin pode ser copado por ningún partido, organización ou sindicato, así como tampouco pode ser

monopolizado polo equipo de goberno baixo a escusa de que non aparecen as siglas dos partidos que o conforman. Debe, por tanto, cumprir os principios arriba indicados.

As dúas tiraxes que se fixeron deste xornal, incumpriron co obxecto que ten calquera medio de información pública que se prece e cos principios sinalados anteriormente.

Unicamente se deron a coñecer os proxectos ou noticias que o Goberno municipal quixo trasladar aos veciños, pero non se fixo mención a ningún período de exposición pública, á axenda de actividades, ás indicacións para poder realizar trámites administrativos, teléfonos de interese, horarios de interese, situación económica do concello, ofertas de traballo, ofertas formativas, procesos participativos, enderezos de interese, procedemento para a participación dos veciños e veciñas nos plenos, iniciativas dos grupos da oposición, publicacións en boletíns oficiais, etc...

Tampouco se permitiu aos grupos que lexitimamente ostentamos representación na Corporación participar da súa redacción, configuración, deseño, orzamento, tiraxe, etc., incumprindo, polo tanto, co mandato legal conforme co que calquera medio de comunicación que sexa considerado público, debe expresar as diferentes sensibilidades políticas con representación no concello.

Dende Asemblea Cidadá de Cambre, entendemos que deben ter representación as AAVV, como xa tiveron, pero tamén ten que existir unha sección de cartas que os veciños e veciñas dirixan ao alcalde ou calquera dos e das concelleiras que formamos parte da Corporación, con mención expresa dos nosos datos e horarios de contacto.

Así mesmo, é necesario habilitar un espazo para que os grupos municipais poidamos dirixirnos aos veciños de maneira directa.

O indicado ata aquí é aplicable á páxina web na súa totalidade, tamén pública e tamén necesariamente espello da diversidade existente no concello e na Corporación, que, ao noso entender, tamén debería contar cun espazo de expresión das veciñas e veciños, un lugar de foro e debate aberto, así como cun espazo no que os grupos políticos poidamos facer coñecer á veciñanza cales son as xestións que levamos a cabo e facer o rendemento de contas cos que algúns nos sentimos obrigados.

Con base no anteriormente exposto, o grupo municipal de ACdC presenta para debate e aprobación os seguintes **ACORDOS:**

Primeiro: Habilitar en *Novas de Cambre* e na páxina web municipal unha sección pública de cartas dos veciños ao alcalde e concelleiros da Corporación.

Segundo: Habilitar en *Novas de Cambre* e na páxina web municipal unha sección económica fixa para informar dos gastos orzamentados e da situación económica-financeira do concello.

Terceiro: *Novas de Cambre* e a páxina web municipal faranse eco dos acordos tomados nos plenos ordinarios e extraordinarios e das iniciativas aprobadas emanadas de calquera dos grupos municipais, facendo mención expresa de que grupo ou grupos partiron as ditas iniciativas.

Cuarto: Elaborarase con carácter urxente un protocolo de funcionamento dos medios municipais para blindar a súa transparencia e obxectividade sexa quen sexa o que governe.

Quinto: Instaurarase unha sección fixa con publicación de ofertas de traballo e de formación do Concello de Cambre.

Sexto: Habilitarase un espazo para ONGs do concello e que sirva de altofalante para novos voluntarios.

Sétimo: Manterase un espazo para as asociacións de Cambre e darase a coñecer o tecido asociativo do concello.

Oitavo: Habilitarase un espazo proporcional á súa representación tanto na páxina web do concello como en *Novas de Cambre*, para cada grupo municipal da Corporación.

O espazo non ocupado por calquera grupo será destinado ao que o grupo que lle corresponda decida e, no seu caso, cederase ás asociacións veciñais ou ás cartas ou comunicacións de veciños ao alcalde ou concelleiros e concelleiras.”

Faise constar que a petición do PP, e coa conformidade de ACdC-SON, grupo propoñente da moción, inclúese un punto noveno nos acordos, que consta do seguinte teor literal:

“**Noveno:** Habilitar na web municipal un enlace de acceso aos espazos dixitais de cada grupo municipal.”,

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, coa inclusión do punto noveno proposto polo PP, votan a prol da moción os seis concelleiros do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas). Votan en contra os catro concelleiros presentes de UxC (don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca Grande Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto) e os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández). E abstense a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo).

O Pleno municipal, por dez votos en contra, rexeita a moción presentada polo grupo municipal de ACdC-SON.

Cando son as 21:12 horas, auséntase do salón de sesións don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro do BNG.

4. PARTE DE INFORMACIÓN, CONTROL E FISCALIZACIÓN

4.1. Informes do equipo de goberno

Acceso á videoacta: Minuto 01:12:18

De orde do Sr. presidente, a secretaria accidental dá conta dos seguintes asuntos:

- Da Resolución da Alcaldía núm. 1657/2018, do 13 de agosto, cuxa parte dispositiva consta do seguinte teor literal:

“**Primeiro:** Avocar a delegación xenérica efectuada a prol de don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez dende o día 15 ao 20 de agosto de 2018, ambos os dous incluídos, a partir dos cales continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía segundo Resolución de data 18 de novembro de 2016.

Segundo: Publicar a resolución no *Boletín Oficial da Provincia* e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar.”

- Da Resolución da Alcaldía núm. 1697/2018, do 20 de agosto, cuxa parte dispositiva consta do seguinte teor literal:

“**Primeiro:** Avocar a delegación xenérica efectuada a prol de don Juan González Leirós dende o día 22 de agosto ao 3 de setembro de 2018, ambos os dous incluídos, a partir dos cales continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía segundo Resolución de data 18 de novembro de 2016.

Segundo: Publicar a resolución no *Boletín Oficial da Provincia* e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar.”

- Da Resolución da Alcaldía núm. 1711/2018, do 22 de agosto, cuxa parte dispositiva consta do seguinte teor literal:

“**Primeiro:** Avocar a delegación xenérica efectuada a prol de dona Josefa Vázquez Soto, desde o día 27 de agosto ao 11 de setembro de 2018, ambos os dous incluídos, a partir dos cales continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía segundo Resolución de data 18 de novembro de 2016.

Segundo: Publicar a resolución no *Boletín Oficial da Provincia* e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar.”

4.2. Rogos

Acceso á videoacta: Minuto 01:13:38

Rogos do PP presentados por escrito

Presentados a través do Rexistro Electrónico Común o día 10 de setembro de 2018, e rexistrados de entrada no concello ao núm. 900/2152 o día 11 de setembro de 2018, xunto coas preguntas presentadas para este pleno.

1º rogo - *Acceso á videoacta:* Minuto 01:13:42

Lee o rogo don Juan M^a Abalo Castex.

Teñen sido numerosas as ocasións nas que o Grupo Municipal Popular instou, en sesión plenaria, ao equipo de goberno municipal para que adoptara medidas en favor da seguridade viaria; entre elas, as reiteradas solicitudes de mellora dos pasos para peóns existentes en todo o noso municipio (sobre todo na parroquia do Temple e na urbanización A Barcala); a mellora da sinalización que non estaba sendo advertida por peóns e/ou condutores ou as necesarias melloras de iluminación daqueles puntos máis conflictivos.

A pesar das ditas advertencias, a pasividade do Goberno municipal ao respecto é patente, e os nosos veciños seguen a padecela e sufrila. Pasividade que ten motivado que numerosos veciños da parroquia do Temple nos amosaran a súa indignación polo atropelo dunha nena, o pasado mes de agosto, na rúa Constitución, onde se nos tiña reiterado a necesidade de adoptar medidas que polo menos minimizaran o alto risco existente. Queixas que este Grupo Municipal Popular transmitiu tamén de forma reiterada ao equipo de goberno sen que, ata o día de hoxe, se teñan tomado as medidas oportunas.

De aí que, dende o Grupo Municipal Popular se reitere á concelleira competente que se adopten as medidas reiteradamente requiridas polos nosos veciños en defensa e mellora da seguridade viaria no noso municipio.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos, acepta o rogo.

2º rogo - *Acceso á videoacta:* Minuto 01:15:04

Lee o rogo don Manuel M^a Mora Pita da Veiga.

Así mesmo, son unánimes as queixas remitidas polos nosos veciños respecto dos labores de roza que se están realizando no noso municipio. Entre eles é unánime o comentario de que aínda se estean realizando labores de roza en pleno mes de setembro en lugares nos que, tradicionalmente, as ditas operacións se levaban a cabo antes con bastante antelación ao ocorrido nos dous últimos anos.

E iso a pesar de que o Goberno municipal de Cambre non aforrou eloxios á hora de publicitar que coa remunicipalización do servizo se ía conseguir un mellor servizo a un menor custo.

De aí que, dende o Grupo Municipal Popular se requira ao equipo de goberno a traballar en serio por unha auténtica melloría no servizo de roza no noso municipio, de forma que non se volvan reiterar os problemas sufridos nestes dous últimos anos.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos, acepta o rogo.

3º rogo - Acceso á videoacta: Minuto 01:16:11

Lee o rogo don Manuel Rivas Caridad.

Tamén son coincidentes as queixas recibidas polos nosos veciños respecto da deficiente sinalización dos distintos lugares do noso municipio, especialmente en Sigrás, Anceis, San Benito ou San Lourenzo.

Nalgunhas ocasións polo lamentable estado no que se atopan os sinais ou a súa contorna, impedindo a visualización (tal e como recolle a fotografía que se achega) ou simplemente porque non existen.

De aí que, dende o Grupo Municipal Popular se interesa do concelleiro competente que se adopten as medidas necesarias para resolver os problemas advertidos.

Don Ramón Boga Moscoso, concelleiro delegado da Área de Xuventude, Turismo e Patrimonio, acepta o rogo no que corresponde ao Concello de Cambre.

Rogos de ACdC-SON presentados por escrito

Presentados a través do Rexistro Electrónico Común o día 10 de setembro de 2018, e rexistrados de entrada no concello ao núm. 900/2151 o día 11 de setembro de 2018, xunto coas preguntas presentadas para este pleno.

1º rogo - Acceso á videoacta: Minuto 01:17:51

Lee o rogo dona M^a Olga Santos López.

No mes de novembro de 2017 preguntamos polo compromiso adquirido polo Goberno de Cambre con un grupo de pais e nais da Barcala, usuarios do parque sito na parte posterior da rúa Río Mandeo.

A esa reunión asistiu o Sr. Boga e, aínda que estaba presente naquela sesión plenaria, contestounos á pregunta a Sra. Pestonit, que como ela dixo, non asistiu á reunión.

Tendo en conta que o formato no que presentamos a iniciativa foi unha pregunta, e nelas o Goberno non nos deixa intervir, nin para unha réplica, o noso grupo non puido desmentir a información vertida pola concelleira de Servizos.

Tendo en conta que ela non asistiu á reunión, podemos entender que a información errónea que nos transmitiu non foi con ánimo de enganarnos, senón pola incorrecta información recibida de quen si se reuniu cos pais, ou como consecuencia do que comunmente coñecemos como “teléfono estropeado”.

Á reunión que se celebrou o 2 de novembro, ás 20:00 horas, asistiu o Sr. Boga xunto cun grupo de 5 nais e 2 pais. Nesa reunión, o Sr. Boga comprometeuse a que para o mes de xaneiro de 2018 daríalles unha resposta respecto das demandas que lle fixeron (entre elas a substitución do chan de cortiza) pero que, polo pronto, si que se comprometía a arranxar as fochancas da pista circular e a colocar sinais para a prohibición de que se deixaran cans soltos nas inmediacións do parque infantil.

Evidentemente, a día de hoxe, non se levou a cabo ningún dos dous compromisos adquiridos polo Sr. Boga.

No citado pleno de novembro a Sra. Pestonit afirmou que o chan de cortiza non se ía cambiar, que a única demanda que tiñan no concello era para facer un parque de “adolescentes”, que estaban barallando opcións, e que o parque non ía quedar abandonado, polo que se algún elemento rompía ou desaparecía, o arranxarían ou substituirían. Tampouco achegou solución ás fochancas do chan, indicando unicamente que levaban anos alá como consecuencia dunhas fogueiras no San Xoan.

Dende ACdC vemos unha serie de cuestións que son recriminables a ambos concelleiros.

Respecto do Sr. Boga, non comprendemos que non responda el a unha pregunta á que unicamente el pode responder, posto que foi quen falou coas nais e pais, ben sexa para confirmar ou desmentir a afirmación que eles nos fan chegar a nós.

Respecto da Sra. Pestonit, non sabemos en que consiste un parque “para adolescentes”, nin sabemos diferenciarlo do que podería ser un “parque para maduros”, nin un “parque para preadolescentes” ou un parque para “sesaxenarios”. Tampouco comprendemos que un chan no que andan as nenas e nenos en bici, patín, patíns, etc., se poida manter cheo de buracos polo mero feito de que xa leve así moitos anos.

Dende Asemblea Cidadá de Cambre, entendemos que calquera espazo de lecer que teña a posibilidade de albergar elementos infantís debe ser conservado e mantido, e se é posible que convivan diferentes xeracións dun barrio ou parroquia, será máis inclusivo, social e xeracionalmente.

Isto debe ser así aínda que exista outro parque de dimensións considerables recentemente inaugurado. Non por facer unha obra grande deben ser desatendidas as necesidades de mantemento do patrimonio existente no noso concello.

Con base no anteriormente exposto, o grupo de ACdC prega ao Goberno municipal que leve a cabo as xestións necesarias para reparar o mal estado da pista con reparación das fochancas.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos, acepta o rogo en cando a levar a cabo as xestións necesarias para reparar o mal estado da pista con reparación das fochancas.

2º rogo - Acceso á videoacta: Minuto 01:21:54

Lee o rogo don Antonio Bruquetas Santos.

Recentemente veciñas e veciños do Temple puxeron de manifesto ante o noso grupo o preocupante estado no que se atopan algúns bens do concello, como bancos dos paseos ou parques, aínda que tamén as pantallas de sinalización con mensaxe, como amosa o seguinte documento gráfico. As pantallas informativas levan meses sen funcionar e actualmente os graffitis fan que a imaxe de deixamento sexa especialmente grave.

Con base no anteriormente exposto o Grupo Municipal de ACdC prega:

Que estendan o mantemento de parques, camiños e prazas, xa demandado anteriormente por este grupo, aos carteis de sinalización visual.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos, acepta o rogo, se ben indica que o panel ao que se fai referencia é privado.

3º rogo - Acceso á videoacta: Minuto 01:25:20

Lee o rogo don Antonio Bruquetas Santos.

No ano 2016 o noso grupo foi requirido por veciños de Cela para dar a coñecer a situación de perigo en que se atopaban as ramaxes que saen do pazo e cobren case por completo a estrada que vai da igrexa de Cela a Pravio, tocando en diversos puntos o cableado que por alí pasa e supoñendo un perigo viario no caso de que unha tormenta tire con algunha das ramas.

Tomamos fotos e no pleno de outubro dese mesmo ano falamos da necesidade de revisar as ramaxes que caen sobre o tendido eléctrico en distintos puntos do concello.

O Goberno recolleu o rogo, pero á vista das recentes imaxes que da zona podemos tomar comprobamos que as xestións realizadas son nulas.

En relación con este relato dos feitos, dende o grupo municipal de ACdC pregamos tomen inmediatas medidas para garantir que as ramaxes das árbores non supoñan un perigo por ningún motivo para as veciñas e veciños de Cambre.

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente, acepta o rogo, facendo certos matices respecto das medidas que se poden adoptar no caso do pazo e xardín de Cela.

Rogos de C's presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 000/6225 o día 10 de setembro de 2018.

1º rogo - Acceso á videoacta: Minuto 01:28:30

Lee o rogo dona M^a José García Hidalgo.

Cambre acaba de adxudicar recentemente a redacción do Plan xeral de ordenación urbana.

Dada a importancia que supón o deseño urbanístico para o noso municipio nun futuro, dende Ciudadanos Cambre consideramos necesario coñecer en que data se fará público o Plan de participación cidadá que ten previsto o equipo de goberno para tal fin, xa que para abordar a elaboración do plan xeral é imprescindible a implicación das asociacións, veciños e axentes económicos e sociais do noso municipio dende as súas fases máis temperás. Así mesmo, consideramos que tamén os grupos políticos que así o soliciten deben de poder participar das mesas de traballo destinadas á dita actividade.

O concello debe ofrecer a todos os participantes previamente unhas clases formativas.

Por todos estes motivos rogamos:

Saber en que data calcula o Goberno que estará dispoñible na web municipal o dito Plan de participación cidadá onde se definan as distintas estratexias de participación ao inicio do proceso do PXOU de Cambre.

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente, acepta a proposta da voceira de C's de trasladar esta proposta á negociación dos vindeiros orzamentos.

2º rogo - Acceso á videoacta: Minuto 01:31:00

Lee o rogo dona M^a José García Hidalgo.

Dende hai meses ten ido en aumento a cantidade de residuos que presenta a auga en Cambre. As explicacións ofrecidas ata agora polo Goberno non apuntan a motivos concretos, o cal lévalles a non poder ofrecer solucións concretas.

Os veciños de Cambre centro e A Barcala vense obrigados a colocar filtros e a cambialos cada 15 días pola enorme cantidade de sucidade que a auga presenta. Isto supón un gasto considerable, tendo en conta que xa pagan por un servizo de auga que se entende debería ser eficiente.

Segundo nos teñen comunicado vostedes, Emalcsa descoñece o motivo, e facilitaránlles un informe proximamente, se non o teñen feito xa.

Dende Ciudadanos Cambre ímoslles rogar que trasladen a esta empresa as inxedanzas que diferentes profesionais comunicaron aos afectados, en vías de poder encontrar unha solución:

1. Antes, utilizábase cloro líquido no tratamento da auga. Agora cambiaron e utilízase cloro en escamas, o cal, aínda que é de disolución máis lenta, ofrece os mesmos beneficios, pero o grande inconveniente é que deixa moito residuo sólido nas tubaxes.

2. Unha vez finalizado o tratamento, as tubaxes necesitan limparse, e o sistema de limpeza das tubaxes actualmente ten pasado a realizarse por tramos, cando antes isto non era así. Este sistema non é tan eficiente, aforra auga, e segundo parece ser este é o motivo polo cal se aplica este novo sistema (aforra máis auga, aparentemente) pero non desincrusta os residuos como o facía o sistema anterior.

Por todo iso, rogamos se lle solicite a Emalcsa e á empresa subministradora, as correspondentes explicacións aclarando todas estas dúbidas e as súas posibles solucións.

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente, acepta trasladar estas cuestións a Emalcsa.

4.3. Preguntas

Acceso á videoacta: Minuto 01:34:54

Preguntas do PP presentadas por escrito

Presentadas a través do Rexistro Electrónico Común o día 10 de setembro de 2018, e rexistradas de entrada no concello ao núm. 900/2152 o día 11 de setembro de 2018, xunto cos rogos presentados para este pleno.

1ª pregunta - *Acceso á videoacta:* Minuto 01:34:59

Lee a pregunta dona M^a Jesús González Roel.

No pleno ordinario do pasado mes de xullo, o Grupo Municipal Popular preguntou ao Goberno municipal sobre as previsións de mellorar os labores de limpeza das beirarrúas existentes no noso municipio, sobre todo en lugares como Sigrás, onde transitar polas beirarrúas tense convertido en “*deporte de alto risco*”.

Para iso acompañáanse fotografías remitidas polos nosos veciños nas que se evidenciaba como a ausencia ou insuficiencia dos labores de mantemento e limpeza, engadido á súa estreiteza, fainas especialmente perigosas nalgúns treitos; sobre todo naqueles lugares que bordean vías de alto tránsito rodado, nos que a maleza invade o espazo que deben sortear os transeúntes, obrigando ás veces a baixar a beiravía para poder pasar.

Ante a ausencia da concelleira competente, informóusenos que se nos remitiría a contestación por escrito. Transcorrido un mes sen que, s.e.u.o. desta parte, se recibira a dita contestación, dende o Grupo Municipal Popular reitérase a dita pregunta.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos, contesta a pregunta.

2ª pregunta - *Acceso á videoacta:* Minuto 01:37:00

Lee a pregunta dona Rocío Vila Díaz.

No edificio "Os Magnolios", sito na intersección entre a costa da Tapia e o Paseo Marítimo do Temple, o noso concello é propietario de varias prazas de aparcamento, tradicionalmente vinculadas aos servizos médicos que, ata a inauguración do novo centro de saúde da dita parroquia, atopábanse nos baixos do dito edificio.

Coa nova localización do mencionado centro de saúde descoñécese cal é o uso ao que están sendo destinadas as ditas prazas de aparcamento, das que o noso concello é propietario; razón pola cal dende o Grupo Municipal Popular se pregunta ao equipo de goberno cal é o destino ou uso e por quen, que se lle está dando actualmente a ditas prazas de aparcamento.

Don Ramón Boga Moscoso, concelleiro delegado da Área de Xuventude, Turismo e Patrimonio, contesta a pregunta.

3ª pregunta - Acceso á videoacta: Minuto 01:38:31

Lee a pregunta dona Marta Mª Vázquez Golpe.

Dentro dos obxectivos de formación para o emprego, a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Economía, Emprego e Industria, e en colaboración cos municipios interesados, vén desenvolvendo con carácter anual un amplo abano de programas e accións formativas que permiten a obtención de certificados de profesionalidade a aquelas persoas que precisan integrarse no mercado laboral actual ou ben mellorar a súa cualificación co fin de adaptarse aos cambios e avances que se van producindo no estado da técnica e no mercado no seu conxunto. As novas esixencias de cualificación profesional que se van impoñendo requiren que as administracións máis próximas ao cidadán poñan todos os medios materiais e persoais ao seu alcance, para poder desenvolver as accións programadas neste sentido.

Tendo en conta a tradicional participación do Concello de Cambre nos planes AFD e Obradoiros de emprego, tendo en conta que no pasado recente Cambre puxo os medios materiais e persoais necesarios para a obtención dos fondos autonómicos que permiten a posta en marcha destes programas no noso municipio, pregúntase á concelleira responsable da Área de Emprego sobre cales son as perspectivas do Concello de Cambre para o ano 2018-2019 sobre estas accións formativas e de fomento do emprego.

Dona Leonor Fernández Grande, concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Socioeconómico, contesta a pregunta.

Preguntas de ACdC-SON presentadas por escrito

Presentadas a través do Rexistro Electrónico Común o día 10 de setembro de 2018, e rexistradas de entrada no concello ao núm. 900/2151 o día 11 de setembro de 2018, xunto cos rogos presentados para este pleno.

1ª pregunta - Acceso á videoacta: Minuto 01:41:52

Lee a pregunta don Antonio Bruquetas Santos.

Cal é o listado de actuacións levadas a cabo ao longo desta lexislatura respecto do compromiso de tramitar a inclusión dun novo punto limpo no noso concello?

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos, contesta a pregunta.

2ª pregunta - Acceso á videoacta: Minuto 01:42:41

Lee a pregunta don Antonio Bruquetas Santos.



En recente visita á fonte sita na Fontaiña, observamos como a falta de sensibilidade do actual Goberno de Cambre afecta a un patrimonio moi valioso para todas e todos os veciños, como son as nosas fontes.

O estado desta fonte, entre outras moitas, denota unha absoluta inoperancia e falta de actuación sobre lugares que, para alguén que non sexa do concello poden chegar a pasar inadvertidos, posto que o cano da fonte practicamente non se ve e os arredores están absolutamente cheos de maleza, silvas e herbas que case alcanzan a altura dunha persoa.

Pode o Goberno informarnos se existe algunha intención de limpar esta fonte, e zona de espaxamento, así como realizar un mantemento doutras moitas fontes e lavadoiros do noso concello?

Don Ramón Boga Moscoso, concelleiro delegado da Área de Xuventude, Turismo e Patrimonio, contesta a pregunta.

3ª pregunta - Acceso á videoacta: Minuto 01:43:41

Lee a pregunta don Antonio Bruquetas Santos.

Cantas sancións ou actos ou apercibimentos por incumprimento da ordenanza reguladora da limpeza viaria no relativo ao seu artigo 10 impuxo a policía local durante as festas patronais de Cambre, concretamente polo incumprimento da prohibición de “satisfacer necesidades fisiolóxicas na vía pública”?

Dona Josefa Vázquez Soto, concelleira delegada da Área de Protección Civil, Policía Local e Sanidade, contesta a pregunta.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as vinte e unha horas e corenta e cinco minutos, do que eu, secretaria accidental, certifico.

O presidente

Juan Evaristo Rodríguez Vázquez

A secretaria accidental

Verónica María Otero López